

Henrique Monteagudo (2015): “«Da ren que mays amey / daquela me *segudades*» (Osoyro Anes, B 40)”, en Francisco Dubert García / Gabriel Rei-Doval / Xulio Sousa (eds.): *En memoria de tanto miragre. Estudos dedicados ó profesor David Mackenzie*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 103-111.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

Instituto da Lingua Galega

En memoria de tanto miragre

ESTUDOS DEDICADOS Ó PROFESOR DAVID MACKENZIE

Edición ó coidado de
Francisco Dubert García
Gabriel Rei-Doval
Xulio Sousa

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

EN MEMORIA DE TANTO MIRAGRE
Estudos dedicados ó profesor
David Mackenzie

Edición ó coidado de
FRANCISCO DUBERT GARCÍA
GABRIEL REI-DOVAL
XULIO SOUSA

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En memoria de tanto miragre : estudos dedicados ó profesor David Mackenzie / edición ó coidado de Francisco Dubert García, Gabriel Rei-Doval, Xulio Sousa. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015. – 261 p. ; 24 cm.

Precede ó tít.: Instituto da Lingua Galega

D.L. C 1193-2015. – ISBN: 978-84-16183-96-8

1. Mackenzie, David – Crítica e interpretación. 2. Galego (Lingua). 3. Galego-portugués (Lingua)— Antes de 1500. 4. Literatura galega. 5. Literatura española. 6. Lingüística histórica iberorrománica. I. Dubert García, Francisco, ed. lit. II. Rei-Doval, Gabriel, ed. lit. III. Sousa, Xulio, ed. lit. IV. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. V. Instituto da Lingua Galega

801 Mackenzie, David
806.99
806.90/99 "04/14"
869.9

Este libro publícase coa axuda financeira da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia) ó grupo de investigación *Filoloxía e lingüística galega* (GI-1743), da Universidade de Santiago de Compostela.

©Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño de cuberta
Raquel Vila Amado

Maquetación
Raquel Vila Amado

Imprime
Imprenta Universitaria
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Edita
Servizo de Publicacións
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

Dep. Legal C 1193-2015

ISBN 978-84-16183-96-8

«Da ren que mays amey / daquela me *segudades*» (Osoyro Anes, B 40)


HENRIQUE MONTEAGUDO

Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela

Des que en 2008 tiven ocasión de achegarme á figura histórica do trobador Osoyro Anes,¹ chamoume a atención a lectura que os distintos editores que editaron a súa obra² ofrecen do vocábulo final do verso 9 da súa cantiga v (B 40), pois parecíame que non pechaba a estrofa cun sentido satisfactorio. Esta lectura véñse repetindo desde a edición das cantigas de amor do noso autor ofrecida por Carolina Michäelis de Vasconcellos³ ata a máis recente de J. Carlos Miranda.⁴ Cando tiven noticia da edición monográfica do corpus poético de Osoyro Anes que preparara Simone Marcenaro, pensei que finalmente este erro ía ser corrixido.⁵ Pero non foi así. Por iso me animo a publicar esta nótula, coa esperanza de dar cabo a unha tradición crítica errónea que se vén reiterando de xeito rutineiro, talvez confiada en exceso das leccións dos grandes mestres, algo desatenta á letra dos manuscritos e, sobre todo, non dabondo consciente da necesidade de considerar coidadosamente os aspectos lingüísticos dos textos.

-
- 1 Monteagudo (2008), 363-92. O nome do trobador aparece en B, fol. 14r como *Osoyr'Anes*; igual na *Tavola Colocciana* (Gonçalves, 1976). Vén transcrito de distintas formas segundo o editor: *Osoir' Eannes* (Vasconcellos), *Osoir' Anes* (Miranda), *Osoiro Anes* (Marcenaro), *Osorio Eanes*...
 - 2 Son un total de oito cantigas, as dúas últimas fragmentarias, transmitidas unicamente polo *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*: B 37 - B 43 (nótese a dupla numeración B 39- B 39bis).
 - 3 Vasconcellos (1904), I, 651 (cantiga nº 324).
 - 4 Miranda (2004), 158-59.
 - 5 Marcenaro (2012), 84.

O *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, único testemuño tanto desta canto das outras composicións do noso trovador, ofrece o seguinte texto da primeira cobra da cantiga (fol. 14v, col. b):⁶



O treito non ofrece especiais dificultades de lectura. Nunha transcripción literal, o que se le aí é o seguinte, segundo a impecable edición de Enrico Molteni:

- 40 E por que me desamades
a m[e]lhor das que eu sey
cuyd' eu rem hi non gaades
eno mal que por vos ey
pola ira em que mh andades
tam graues dias leuey
deret'ey / que da ren que mays amey
daquela me *segudides*⁷

Dona Carolina Michäelis, decatándose da necesidade de emendar o último vocábulo da cobra, corrixiuno para '*segurades*', interpretando os dous últimos versos deste xeito: «so Ihr mich schützt gegen diejenige, welche ich über alles geliebt habe» (*ibidem*), isto é 'protexédesme da cousa que eu máis amo'. É así que no seu glosario aparece o verbete correspondente: «*segurar* alg[uém] de alg[o], proteger».⁸ Dada a boa acollida que tivo esta emenda, temos que supor que esta lección resulta moi natural desde o portugués actual. Así, Miranda non considera preciso ofrecer unha explicación demorada para xustificar a adopción da mesma:

6 Cito por *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci Brancuti)*, 1982. A imaxe que vén as seguir e as que se ofrecen a longo do presente artigo proceden do 'Proxecto littera'.

7 Molteni (1880), 12. Procedemos a unha mínima adaptación tipográfica, separamos palabras e empregamos a cursiva para resaltar o vocábulo en estudo.

8 Vasconcellos (1920), 84.

«seguimos a lectura já proposta por Mic[häelis] e Mac[hado]» (2004, 159). Esta actitude é especialmente significativa, xa que a súa é unha edición moi esmerada, concentrada como está nun número reducido de cantigas (por volta dunha ducia, presumiblemente as máis antigas das transmitidas en B). Doutra banda, na súa edición monográfica do corpus poético do autor, xa citada, Marcenaro tampouco cuestiona a devandita solución, sen deixar de engadir unha explicación pouco afortunada: «la solución dell'edizione Michäelis sembra appropriata, visto che il verbo *seguir*, coniugato al congiuntivo imperfetto in B (*seguissedes*), resulta metricamente e semanticamente inaccettabile» (2012, 109).⁹

Segundo a información que se pode recuperar do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG),¹⁰ agás a conxectural ocorrencia que estamos comentando, no corpus lírico galego-portugués non se rexistran máis ocorrencias do verbo *seguir*.¹¹ Porén, si que se rexistra o participio *segurado*, ben que usado como adxectivo, e nun caso como adverbio: «O Marot aja mal grado, / porque nós aquí cantando / andamos tan *segurado* [...] E venha-lhe maa gaança / porque nós tan *seguradas*, andamos fazendo dança» (B 2 / LPGP 157,35).¹² Como adxectivo tamén empregan o vocábulo os trobadores Martin Soarez e Sancho Sanchez en cadansúa cantiga: «tal passa cabo del, *segurado* [...] ca lhi querrá deante citolar» (B 1364, V 972 / LPGP 97,4); «estand' ora *segurado* / un [...] quis-la chamar per seu nome» (B 415, V 26 / LPGP 9,2). Rexístrase igualmente nunha composición de Johan Servando, ben que neste caso a lectura –que decontado discutiremos– é máis problemática: «que sejadés del ben *segurado*» (Johan Servando V 1031 / LPGP 77,6). Salvo o último exemplo, en todos os outros casos o significado do adxectivo parece transparente: ‘seguro’, ‘confiado’, ‘a resguardo’.¹³

9 Este estudoso, cabo de observacións ben fundadas (caso da lectura *outr'* que propón no comezo do v. 11 da mesma cantiga, rectificando unha errónea conxectura *ouir* que nós defenderamos en Monteagudo 2008, 46-47), ao noso parecer xulga á lixeira as posibilidades que ofrece a análise dos aspectos propiamente lingüísticos dos cancioneiros. Pola nosa banda, coidamos que o seu escepticismo se debe a unha falta de profundidade no estudo da lingua da época; estamos convencidos que un sólido coñecemento do galego medieval é imprescindible para avanzarmos na edición da lírica trobadoresca.

10 TMILG = Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004) [consultas realizadas os días 21-22/03/2014].

11 Soamente se rexistra en Arnaut Catalan (B 477 / LPGP 21,1), pero nun texto escrito en occitano. Ademais da localización nos cancioneiros, damos a referencia, coa abreviatura LPGP, á compilación de Mercedes Brea (cord.) (1996).

12 Como sinalamos na nota anterior, ademais da localización nos cancioneiros, damos a referencia, coa abreviatura LPGP, á compilación de Mercedes Brea (cord.) (1996). Tamén é de moita utilidade a consulta do sitio web do ‘Proyecto littera’, xa citado previamente.

13 Como mostra o TMILG, con función adxectiva e nas acepcións indicadas (‘confiado’, ‘a salvo’), rexístrase tamén na prosa galega medieval, en concreto na *Tradución galega da Crónica Xeral e da*

O último exemplo interésanos especialmente, pois na cantiga de Johan Servando o vocábulo vertente aparece como participio e rexendo a preposición *de*, sendo que no poema de Osoyro Anes o verbo tamén aparece rexendo esta preposición. Permítasenos, xa que logo, un breve excursus verbo desta última ocorrencia. O motivo desta cantiga satírica (bastante escura, pois o texto chegounos moi deturpado nos primeiros versos) é que un infanzón se nega a entregarlle ao xograr (o propio Servando) uns panos que este lle reclama: «ca lhi pedi os panos que tragia» (v. 3). A idea reitérase nas tres cobras, remachando a negativa do infanzón á entrega dos panos no remate de cada unha delas: no último verso da primeira estrofa o xograr di que o infanzón asegurou «que mi os non daría» [os panos], mentres que no último verso da terceira cobraponse na boca do propio infanzón a afirmación: «non vos darei os panos a meu grado». Por tanto, parece un tanto estraño que nos dous últimos versos na segunda estrofa este último afirme, como lle fan dicir os editores:

E pois lo vi nos panos perfiado,
entón puinhey mais en lhos pedir
e disse-m'el: «Muito foi én pagado,
ide-vos alhur, e quando vos ar vir,
querrei os panos ante vós cobrir
que sejadés deles ben asegurado».¹⁴


Segundo Lapa, debemos entender eses dous últimos versos como: 'quererei vestir os panos na vosa presenza «para que vejais que aínda os tenho no meu poder»'.¹⁵ Lopes decátase de que algo parece non encaixar e sinala «tal vez haja aquí un equívoco com *encobrir*», pero isto sería un contrasentido, pois *cobrir* é exactamente o contrario de *encobrir*. Ora, a lectura, ben clara, que ofrece o *Cancioneiro da Vaticana*, único testemuño do texto, é: «querrey os panos ante / uos cobrir que seiades delles de asegurado» (fol. 166v).¹⁶

Crónica de Castela e mais na *Crónica Troiana* («tornaron-se pera suas casas jaquanto *segurados* et alegres»). Para a evolución semántica desta voz véxase Corominas / Pascual (1984), II, 296b. Nesta obra explícase a evolución do significado do latín *securus* 'tranquilo, sen coidado' cara a 'descoidado, alleo de pensar nunha cousa'.


14 Lapa (1970), 350. A mesma lectura ofrece Lopes (2002), 239.

15 Lopes limitase a ofrecer paráfrase da nota de Lapa: «quererei cobrir-me com os panos, ou seja, vesti-los-ei na vossa presenza [...] para que tenhais a certeza de aque aínda os tenho» (*ibidem*, notas 11 e 12).

16 Citamos pola edición facsímile: *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana*, 1973.



Coidamos que neste caso o máis sinxelo é seguir exactamente a lectura do manuscrito: «querrey os panos ante vós cubrir / que sejadex deles *desegurado*», isto é: ‘vestirei os panos na vosa presenza para que sexades desasegurado deles, quer dicir, para que perdades a seguridade de que volos vou dar’ (isto é, ironicamente: ‘para que teñades a seguridade de que *non* volos vou dar’. Vexamos. Segundo o *Diccionario de Dictionaries do Galego Medieval* (s. v.), este adxectivo rexístrase tamén nas *Cantigas de Santa María*: «indo per un caminno mui *desegurado*» (‘carente de seguranza, perigoso’), e mais na *Crónica de Don Pedro*, agora aplicado a sustantivo de persoa: «achou-o ja vñir com seu escudeiro, mui *desegurado* das novas que lhe el levava». ¹⁷ Pero o máis relevante para nós é que tamén aparece nunha cantiga satírica de Pero d’ Anbroa (B 1578 / LPGP 126, 6), que pinta o retrato dunha soldadeira inqueda, que sempre está a mudar de pousada, da que se di no poema: «E anda-s’ela tan *dessegurada* / come se nunca y prendesse afan; / non est assy, ca muitos vos dirán / que ben mil vezes lhe meten ciada» (Lapa 1970, 499-500, Lopes 2002, 396). Lapa sinala a dificultade de lectura do treito, pois o manuscrito está un pouco confuso neste paso (fol. 332r):



No glosario que acompaña a súa monumental edición, o ilustre filólogo lusitano dá á palabra o sentido de ‘desacautelada’, mentres que pola súa banda Lopes anota «dessegurada= sem seguranga, incauta. Entenda-se: como se não se preocupasse com isso» (*ibidem*). Coidamos que o sentido é precisamente ‘desasegurada, sen tomar medidas de seguranga’.

¹⁷ Véxase Ernesto González Seoane (coord.), *Diccionario de Dictionaries do Galego Medieval*: http://sli.uvigo.es/DDGM/ddd_pescura.php?pescura=desegurado&tipo_busca=lema [21/03/2014].

Volvendo ao noso rego, nas *Cantigas de Santa Maria* o verbo *segurar* aparece nunha ocasión, como transitivo e coa acepción de ‘dar seguranza, dar garantía’: «demays, foy-os *segurar* / que non fosse corrudo / o reyno» (nº 28, vv. 135-38).¹⁸ Na prosa galega medieval este verbo aparece con relativa frecuencia. Así, na *Tradución Galega da Crónica Xeral e da Crónica de Castela* presenta cinco ocorrencias, sempre como verbo transitivo, xeralmente con obxecto directo de persoa e co senso indicado de ‘asegurar’, ‘dar seguranza, confianza ou garantías a’ ou ‘ter a resguardo’: «mandou o Cide que non fezesen mal aos lauradores et *seguro*-os que laurassem pam et vino»; «esto fazian elles por *segurar* o talan de seu señor». Nun caso, o verbo aparece como pronominal, coa acepción de ‘confiar en’ e tamén con obxecto directo de persoa: «Et por esto *segurou-se* Abeuça et perdoou-lle et perdeu a gran duda que eno coraçon tijna»¹⁹ (‘confiou en Abeuça’). Tamén na *Xeral Estoria*: «aviam medo que lle vëria ajnda outro deluuyo pero que os *avia* Deus ja *segurados*» (‘a pesar de que Deus lles dera garantías’).²⁰ Igualmente, rexístrase na *Crónica Troiana*, cun complemento que se sobreentende rexido pola preposición *de*: «Diomedes lle prometeu outrossi esto meesimo, et *seguro*-o ende bem» (‘deulle garantías disto’).²¹ Nesta obra tamén se rexistra a forma pronominal, que aparece rexendo a preposición *de*, novamente co sentido de ‘tomar confianza’: «dizia moyto ben del ant’ el meesimo, por tal que ouuese con el paz et amor et se *segurase del*» (‘que confiase nel’; *idem*, 695).

Insistimos: de todo o devandito, resulta que a lectura «da ren que mais amei / daquela me segurades» na cantiga do noso Osoyro Anes non parece ter cabida no galego coevo, pois o sentido do vocábulo neste texto sería xustamente o contrario ao que temos comprobado (‘dar confianza, ofrecer garantías’), segundo ilustran os exemplos que acabamos de dar do verbo *segurar*, en particular cando aparece rexendo a preposición *de* e mais á vista do significado de *deseगurar* / *deseगurado*.

Curiosamente, o único exemplo en que atopamos o verbo *segurar* nunha construción en todo similar á do noso trobador rexístrase no tardío Pero Gonçalves de Mendoça, trobador castelán autor dunha cantiga en galego composta antes de 1385 e recollida no *Cancionero de Baena* (251 bis), que ofrece un texto fortemente castelanizado:²²

18 Citamos pola edición de Mettmann (1981), 187.

19 Citamos por Lorenzo (1975 / 1977), I, 471 e 508.

20 Citamos por Martínez López (1963), 49.

21 Citamos por Lorenzo (1985), 646.

22 Véxase a edición facsímile do *Cancionero de Baena*. Esta edición carece de indicación de número de composición nin de páxina. O texto en aprezo tamén en Lang (1902), 4.

Quando aa falla. vos me chamastes
de todo engaño. me *seguerastes* [*sic*]
tenet señora. lo que jurastes
sy non de mj. grant pecado avredes

Porén, o sentido do verbo neste caso parece ser: ‘déstesme seguridades contra todo engano’ (na definición que ofrece Lang no seu glosario ‘offer security against’),²³ mentres que na cantiga de Osoyro Anes o verbo significaría xustamente o contrario: ‘separádesme da cousa que máis amo’.

Dado que a lectura *segurades* na cantiga de Osoyro Anes non satisfai, temos que tornar ao manuscrito. En primeiro lugar, resulta obvio que, mesmo por esixencias da rima, hai que corrixir a lectura da última palabra. Guiándonos por estas esixencias, e atendendo á letra do propio manuscrito, a emenda semella sinxelísima: *segudades*. O verbo *segudar* vén recollido como *segũdar* por Ramón Lorenzo no glosario da *Tradución Galega da Crónica Xeral e da Crónica de Castela*, onde é definido como ‘perseguir, seguir, echar’.²⁴ Lorenzo dá referencia de catorce ocorrencias na propia obra, ademais doutras nos *Foros de Castelo Rodrigo* e na *Xeral Estoria*. O mestre compostelán sinala que o verbo é raro nos textos galegos e portugueses medievais, observando que a *Crónica de 1344* o evita (substituíndoo por *seguir*) e, en troca, é máis frecuente nos textos casteláns medievais (*Cid*, Berceo, *Livro de Alexandre*, *Livro de Apolonio*, *Primera Crónica General*, etc.), como, por outra banda, se pode comprobar consultando o *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico* de Corominas / Pascual (1984, V, 191b).

Segundo datos do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, que confirman os que ofrece Ramón Lorenzo, nos *Foros de Castelo Rodrigo* (de 1280-90) o verbo *segudar* aparece con seis ocorrencias, mentres que o sustantivo *seguda* ‘persecución’ ten tres ocorrencias. Na *Tradución Galega da Crónica Xeral e da Crónica de Castela*, que ofrece unha maior abundancia de rexistros, lemos, por sinal: «Et o conde foy enpos elles *segundado-os*» (‘perseguíndoos’). Pero, o que nos interesa directamente a nós é que nesta obra aparece na acepción de ‘expulsar’, ‘apartar’ e rexendo o complemento coa preposición *de*: «os narmães [foron] *segudados* da terra», «et *segudou* de toda a terra a esse Omar», «veo contra Hayran et *segundo-o* do castello», «et

23 Lang (1902), 263. Así e todo, non é de descartar unha lectura errónea no *Cancionero de Baena*: *seguerastes* (cun <e> parasita, que pode ser indicativo dunha transcripción anómala) por *segudastes*, segundo a explicación que damos a seguir.

24 Lorenzo (1975/1977), II, 1175. Xa viña recollido na súa achega *Sobre cronología do vocabulario galego-portugués* (1968). Pódese consultar esta obra a través do *Diccionario de Dicionarios do Galego Medieval*: http://sli.uvigo.es/DDGM/ddd_pescura.php?pescura=segudar&tipo_busca=lema.

foron-nos deytando et *segudando* ende»... O substantivo aparece como *segudamento*: «eran coroados por tantas correduras et segudamentos que lles fazian».

O sentido de ‘expulsar’ propio deste verbo, como se pon de vulto nos exemplos que acabamos de dar, precisamente nunha obra de finais do século XIII ou comezos do XIV, convén perfectamente ao noso texto: ‘Da cousa que máis amei / daquela me *expulsades*’ (isto é, ‘arredades, afastades’). Por tanto, a estrofa quedaría así (reproducimos a grafía de B):

E por que me desamades
a melhor das que eu sey?
Cuyd’ eu: rem hi non gaades
eno mal que por vos ey.
Pola ira em que mh’andades
tam graues dias leuey!
Deret’ ey,
que da ren que mays amey
daquela me segudades.

Referencias bibliográficas

- BREA, Mercedes (cord.) (1996): *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, 2 vols. Santiago: Xunta de Galicia.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci Brancuti)*. Cod. 10991. *Reprodução facsimilada*. Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional – Casa da Moeda, 1982.
- Cancionero de Baena*. New York: Hispanic Society of America, 1927. [Edición facsimile; citamos pola reprodución: New York / The Hispanic Society of America, 1971].
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803)*. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 1973.
- COROMINAS, Joan / José Antonio PASCUAL (1984): *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*, 6 vols. Madrid: Gredos.
- Diccionario de Dicionarios do Galego Medieval* = GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (coord.).
- GONÇALVES, Elsa (1976): «La tavola collociana ‘Autori Portoghesi’», *Arquivos do Centro cultural Português*, x, pp. 387-406.
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (coord.) / María ÁLVAREZ DE LA GRANJA / Ana Isabel BOLLÓN AGRELO: *Diccionario de Dicionarios do Galego Medieval*. <<http://sli.uvigo.es/DDGM/>>.
- LANG, Henry (1902): *Cancioneiro gallego-castelhano*. New York / London: Charles Scribner’s Sons / Edward Arnold.

- LAPA, Manuel Rodrigues (1970): *Cantigas d'escarnho e de maldizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*. Vigo: Galaxia [2ª ed.].
- LOPES, Graça Videra (2002): *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*. Lisboa: Estampa.
- LOPES, Graça Videira / Manuel Pedro FERREIRA *et al.* (2011-), *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA. <<http://cantigas.fcs.unl.pt>>.
- LORENZO, Ramón (1975 / 1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, 2 vols. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- LORENZO, Ramón (1985): *Crónica Troiana*. [A Coruña:] Fundación Barrié de la Maza.
- MARCENARO, Simone (2012): *Osoiro Anes. Cantigas*. Roma: Carocci.
- LPGP = BREA, Mercedes (cord.) (1996).
- MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón (1963): *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- METTMANN, Walter (1981): Afonso X o Sábio. *Cantigas de Santa Maria*. Vigo: Edición Xerais de Galicia. [Reproducción da edición de Coimbra, Universidade, 1959-1972].
- MIRANDA, José Carlos (2004): *Aurs mesclatz ab argen. Sobre a primeira geração de trovadores galego-portugueses*. Porto: Guarecer.
- MOLTENI, Enrico (1880): *Il Canzoniere Portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il Codice Vaticano 4.803*. Halle: Max Niemeyer.
- MONTEAGUDO, Henrique (2008): *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*. [A Coruña:] Fundación Barrié de la Maza.
- PROJETO LITTERA = LOPES, Graça Videira / Manuel Pedro FERREIRA *et al.* (2011-).
- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-).
- VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- VASCONCELLOS, Carolina Michäelis de (1904): *Cancioneiro da Ajuda*, 2 vols. Halle: Max Niemeyer. [Citamos polo facsímile que acompaña a reprodución da súa edición: *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional, 1990].
- VASCONCELLOS, Carolina Michäelis de (1920): «Glossário do *Cancioneiro da Ajuda*», *Revista Lusitana* XXIII, 1-95. [Citamos polo facsímile *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional, 1990, vol I].